



**CONCELLO
A GUARDA**

(PONTEVEDRA)

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
EN DATA 4 DE OUTUBRO DE 2016.-**

Na Casa do Concello da Guarda, sendo as oito horas e trinta minutos do día catro de outubro de dous mil dezaseis, tivo lugar a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local, que, convocada e presidida polo Sr. Alcalde D. Antonio Lomba Baz, contou coa asistencia dos seguintes concelleiros membros deste órgano:

- **D. Miguel A. Español Otero**
- **D^a. M^a Montserrat Magallanes Alvarez**
- **D. Manuel Javier Crespo Gonzalez**
- **D. Paulino Rodríguez Gonzalez**
- **D^a. Teresa Vicente Baz**

Asiste como Secretaria a do Concello Dna. Julia M^a. Carrasco Glez.-Alegre.

Sendo a hora sinalada, o Sr. Presidente pasa a dar conta dos asuntos que conforman a orde do día, que de seguido se relacionan:

**PUNTO 1.- APROBACIÓN ACTAS SESIÓNS ANTERIORES (ORD. 20.09.2016 E
EXTRAORD. 26.09.2016)**

O Sr. Presidente preguntalle ós concelleiros se teñen algunha observación que facer ás actas correspondentes ás sesións celebradas os pasados días 20 e 26 de setembro de 2016 ó que responden negativamente os concelleiros presentes nas mesmas, polo que as referidas actas foron aprobadas pola unanimidade dos presentes en cada unha delas.

PUNTO 2.- ACORDOS

Dase conta do escrito RE 6.264 de data 30 de setembro de 2016, remitido pola AXENCIA DE PROTECCIÓN DA LEGALIDADE URBANÍSTICA, trasladando copia, para coñecemento do Concello, da incoación do expediente de reposición da legalidade urbanística en relación coas obras consistentes na construción dunha edificación vinculada a unha vivenda unifamiliar existente no lugar de Bouza da Fonte (Expte.: PON/246/2016-RP1).

A Xunta de Goberno Local dase por enterada.

Dase conta do escrito RE 6.288 de data 3 de outubro de 2016, remitido pola DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA, informando dos problemas que está a xerar o incumprimento por parte do Ministerio de Fomento do Protocolo de colaboración para a posta en valor de 18 castros na provincia de Pontevedra e solicitando a este Concello ó apoio para esixir ó Ministerio de Fomento que cumpra coa súas obrigas.

A Xunta de Goberno Local acorda por unanimidade amosar o seu apoio á Deputación Provincial de Pontevedra para esixir ó Ministerio de Fomento o cumprimento das súas obrigas. Asimesmo acorda elevar este escrito a Pleno para acadar o apoio da corporación.



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

Dase conta do escrito RE 6.151 de data 26 de setembro de 2016, remitido pola CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA, notificando a resolución da Dirección Xeral de Enerxía e Minas, pola que se acepta a desistencia de Repsol Butano, S.A. respecto da súa solicitude de autorización administrativa e aprobación do proxecto de execución para a distribución de gas propano canalizado no termo municipal da Guarda.

A Xunta de Goberno Local dase por enterada.

Dase conta do escrito RE 6.206 de data 28 de setembro de 2016, remitido pola AXENCIA DE PROTECCIÓN DA LEGALIDADE URBANÍSTICA, notificando o arquivo do expediente POL/139/2015 posto que a caravana xa foi retirada do lugar de zona de servidume de protección marítimo-terrestre no que se atopaba.

A Xunta de Goberno Local dase por enterada.

PUNTO 3.- ASUNTOS DE URBANISMO

3.1. OBRAS MAIORES

EXPEDIENTE NÚMERO: 3.162/2016.

Examinado o proxecto técnico presentado con data 20-05-2016 (R.E. nº. 3.162), por **D. ABRAHAM VICENTE MARTÍNEZ** con D.N.I. nº. 35.570.912-D e con domicilio na rúa de Cachiños nº. 20 de A Guarda-C.P. 36780, para “MODIFICADO DE REHABILITACIÓN E AMPLIACIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR” desenvolvida en (planta baixa, planta primeira e planta de baixo cuberta) sita na rúa de Marouco nº. 1, suscrito polo arquitecto D. José Luis Vázquez Pérez.

PRIMEIRO.- Visto o informe técnico de data 07-07-2016, considérase **favorable**, conforme o proxecto modificado presentado, con data de visado 17-06-2016.

Os servizos xurídicos do Concello determinarán se logo de outorgada a nova licenza de obras pode ser levantada a paralización de obras vixente segundo o decreto 802/2015.

SEGUNDO.- Conta co informe xurídico **favorable** suscrito pola secretaria do Concello D^a. Julia M^a. Carrasco González-Alegre.

“En canto as cuestións técnicas contidas no Proxecto, dicir que no procedemento instado para o outorgamento desta licenza os servizos técnicos informaron preceptivamente, remitíndome ó especificado no mesmo no que concirne a estes aspectos, e sen que a emisión do presente informe supoña conformidade ou disconformidade co informe técnico, ó non ser ámbito de competencia desta secretaria.

Respecto o acordado no seu día, dado que a documentación agora aportada subsana os defectos que motivaron no seu día a paralización da obra e a remisión do expediente á APLU, procede agora que se conceda a licenza solicitada para a súa legalización, sendo o meu informe favorable. No obstante, respecto a remisión do expediente a Axencia de Protección da Legalidade Urbanística, dado que a día de hoxe non consta que se tivera incoado expediente sancionador algún por parte daquel organismo, nin que se dictase orde de demolición nin de cesación ou restauración da realidade física alterada, e por elo que



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

non é de aplicación a estipulación cuarta.d) do Convenio subscrito con tal Axencia por este Concello, debendo o Concello remitir copia da licenza que se outorgue a tal organismo ós efectos oportuno. Finalmente, procede tamén alzar a orde de paralización das obras acordada por Decreto da Alcaldía de 16 de novembro de 2015, dado que as obras infractoras quedan legalizadas co outorgamento da presente licenza, e polo que formulase ó órgano competente a seguinte PROPOSTA:

1º.- *Concede-la licenza municipal de obras a favor de D. Abraham Vicente Martínez para a rehabilitación e ampliación de vivenda unifamiliar, composta de planta baixa, planta primeira e planta de baixo cuberta, sita no lugar antes expresado, en solo non urbanizable de núcleo rural de "O Castro" (Ordenanza nº. 9), impondo os condicionantes establecidos nos informes técnicos e xurídico, así como os xerais establecidos na lexislación urbanística respecto os prazos de execución das obras, con expresión dos recursos procedentes a entablar contra dito acto administrativo.*

2º. *Asimesmo, procede acordar o alzamento a orde de paralización das obras acordada por Decreto da Alcaldía de 16 de novembro de 2015, dado que as obras infractoras quedan legalizadas co outorgamento da presente licenza, notificando tanto o acordo de licenza como o acordo de alzamento de paralización ó interesado, á APLU e o Sr. Abeleira Cabaleiro, con expresión dos recursos procedentes."*

Con base en ditos antecedentes, a Xunta de Goberno Local **RESOLVE:**

CONCEDER, salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo do de terceiros, a **D. ABRAHAM VICENTE MARTÍNEZ**, licenza para "MODIFICADO DE REHABILITACIÓN E AMPLIACIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR" desenvolvida en (planta baixa, planta primeira e planta de baixo cuberta) sita na rúa de Marouco nº. 1, de acordo co proxecto técnico presentado obrante no expediente de referencia, que deberá axustarse as condicións sinaladas no informe técnico e xurídico.

O prazo para iniciar as obras non poderá exceder de seis meses e o de terminación de tres anos, dende o día seguinte a data de notificación da licenza, non podendo interromperse as obras por tempo superior a seis meses.

Se poderá conceder prórroga dos referidos prazos da licenza por unha soa vez e por un novo prazo non superior ó inicialmente acordado, logo da solicitude expresa formulada antes da conclusión dos prazos determinados e sempre que a licenza sexa conforme coa ordenación urbanística vixente no momento de concesión da prórroga (art. 197.1 da LOUGA).

Será declarada a caducidade das licenzas, logo do procedemento instruído con audiencia do interesado, polo transcurso dos seguintes prazos (art. 197.1 da LOUGA):

- Cando non se tivesen iniciado as obras amparadas por esta licenza no prazo de seis (6) meses dende o día seguinte ao da notificación do seu outorgamento.
- Cando non se cumprise o prazo de terminación das obras de tres (3) anos dende o seu inicio.
- Cando a obra fose interrompida durante un período superior a seis (6) meses.
- Estes prazos poderán prorrogarse segundo o establecido no art. 197 da LOUGA.

TERCEIRO.- ADVERTENCIAS:

As obras teranse que realizar de conformidade co disposto nos artigos 2.5.12 (condicións das obras en relación coas vías públicas) e 2.5.14 (valado das obras) recollidos no vixente Plan Xeral de Ordenación Urbana.



**CONCELLO
A GUARDA**

(PONTEVEDRA)

Deberá de adoptar de xeito inmediato as medidas necesarias para garantir a seguridade das persoas, dos predios colindantes e da vía pública.

É requisito e indispensable en todas as obras dispor, ó pé de obra, de copia autorizada da licenza municipal e, nas maiores, a colocación do cartel indicador de 1,20 x 0,85 mts. no que se faga constar o nome e os apelidos dos técnicos directores e do contratista, ordenanza que se aplica, usos os que se vai a destina-la construción, o número de plantas autorizadas, o prazo de execución das obras, a data de outorgamento e número da licenza.

As obras autorizadas realizaranse por empresa de construción que posúa o correspondente documento de cualificación empresarial.

EXPEDIENTE NÚMERO: 4.580/2016.

Examinado o proxecto técnico presentado con data 15-07-2016 (R.E. nº. 4.580), por **D. URBANO MARTÍNEZ VICENTE** con D.N.I. nº. 35.810.124-K e con domicilio na rúa de 1º Transversal Netos nº. 7 de A Guarda-C.P. 36789, para "OBRAS DE MELLORA E CONSERVACIÓN DE EDIFICACIÓN AUXILIAR EXISTENTE" desenvolvida en (planta baixa e planta primeira) sita na rúa de 1º Transversal Netos nº. 7, suscrito polo arquitecto D. Francisco Javier Álvarez Rodríguez.

PRIMEIRO.- Visto o informe técnico de data 07-09-2016, considérase **favorable**. Os servizos xurídicos avaliarán a documentación de titularidade da parcela presentada.

SEGUNDO.- Conta co informe xurídico **favorable** suscrito pola secretaria do Concello D^a. Julia M^a. Carrasco González-Alegre.

"En canto as cuestións técnicas contidas no Proxecto, dicir que no procedemento instado para o outorgamento desta licenza os servizos técnicos informarán preceptivamente, remitíndome ó especificado no mesmo no que concirne a estes aspectos, e sen que a emisión do presente informe supoña conformidade ou disconformidade co informe técnico, ó non ser ámbito de competencia desta secretaria.

Respecto a remisión feita no informe técnico para avaliación da documentación de propiedade, entendo que a mesma é totalmente válida xa que trátase dun documento privado de adxudicación, aceptación e reparto de herencia no que se adxudica ó solicitante da licenza a finca onde está ubicada a edificación obxecto de licenza que ademais figura catastrada a nome do solicitante, polo que se formula ó órgano competente a seguinte PROPOSTA:

Concede-la licenza municipal de obras a favor de D. Urbano Martínez Vicente para obras de mellora e conservación de edificación auxiliar existente na rúa de 1º Transversal Netos nº. 7, impondo os condicionantes establecidos nos informes técnicos e xurídico, así como os xerais establecidos na lexislación urbanística respecto os prazos de execución das obras, con expresión dos recursos procedentes a entablar contra dito acto administrativo."

Con base en ditos antecedentes, a Xunta de Goberno Local **RESOLVE:**



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

CONCEDER, salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo do de terceiros, a **D. URBANO MARTÍNEZ VICENTE**, licenza para “OBRAS DE MELLORA E CONSERVACIÓN DE EDIFICACIÓN AUXILIAR EXISTENTE” desenvolvida en (planta baixa e planta primeira) sita na rúa de 1º Transversal Netos nº. 7, de acordo co proxecto técnico presentado obrante no expediente de referencia, que deberá axustarse as condicións sinaladas no informe técnico e xurídico.

O prazo para iniciar as obras non poderá exceder de seis meses e o de terminación de tres anos, dende o día seguinte a data de notificación da licenza, non podendo interromperse as obras por tempo superior a seis meses.

Se poderá conceder prórroga dos referidos prazos da licenza por unha soa vez e por un novo prazo non superior ó inicialmente acordado, logo da solicitude expresa formulada antes da conclusión dos prazos determinados e sempre que a licenza sexa conforme coa ordenación urbanística vixente no momento de concesión da prórroga (art. 197.1 da LOUGA).

Será declarada a caducidade das licenzas, logo do procedemento instruído con audiencia do interesado, polo transcurso dos seguintes prazos (art. 197.1 da LOUGA):

- Cando non se tivesen iniciado as obras amparadas por esta licenza no prazo de seis (6) meses dende o día seguinte ao da notificación do seu outorgamento.
- Cando non se cumprise o prazo de terminación das obras de tres (3) anos dende o seu inicio.
- Cando a obra fose interrompida durante un período superior a seis (6) meses.
- Estes prazos poderán prorrogarse segundo o establecido no art. 197 da LOUGA.

TERCEIRO.- ADVERTENCIAS:

As obras teranse que realizar de conformidade co disposto nos artigos 2.5.12 (condicións das obras en relación coas vías públicas) e 2.5.14 (valado das obras) recollidos no vixente Plan Xeral de Ordenación Urbana.

Deberá de adoptar de xeito inmediato as medidas necesarias para garantir a seguridade das persoas, dos predios colindantes e da vía pública.

É requisito e indispensable en todas as obras dispor, ó pé de obra, de copia autorizada da licenza municipal e, nas maiores, a colocación do cartel indicador de 1,20 x 0,85 mts. no que se faga constar o nome e os apelidos dos técnicos directores e do contratista, ordenanza que se aplica, usos os que se vai a destina-la construción, o número de plantas autorizadas, o prazo de execución das obras, a data de outorgamento e número da licenza.

As obras autorizadas realizaranse por empresa de construción que posúa o correspondente documento de cualificación empresarial.

EXPEDIENTE NÚMERO: 2.275/2016.

Examinado o proxecto técnico presentado con data 13-04-2016 (R.E. nº. 2.275), por **D. OSCAR MANUEL RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ** con D.N.I. nº. 76.903.232-H e con domicilio na rúa de Brasil nº. 6-3º D de A Guarda-C.P. 36780, para “OBRAS DE DEMOLICIÓN PARCIAL DE EDIFICACIÓN EXISTENTE”, CONSTRUCIÓN DE “VIVENDA UNIFAMILIAR” E “PECHE DE PARCELA” sita na rúa de 2º Transversal Bechos nº. 15, subscrito polos arquitectos D. Ángel M. Matilla Besada e D. Leandro Nogueira Pérez.



**CONCELLO
A GUARDA**

(PONTEVEDRA)

PRIMEIRO.- Visto o informe técnico de data 07-09-2016, considérase **favorable**. Os servizos xurídicos avaliarán a idoneidade da documentación de titularidade aportada coa solicitude de licenza de obras

SEGUNDO.- Conta co informe xurídico **favorable** subscrito pola secretaria do Concello D^a. Julia M^a. Carrasco González-Alegre.

“En canto as cuestións técnicas contidas no Proxecto, dicir que no procedemento instado para o outorgamento desta licencia os servizos técnicos informaron preceptivamente, remitíndome ó especificado no mesmo no que concirne a estes aspectos, e sen que a emisión do presente informe supoña conformidade ou disconformidade co informe técnico, ó non ser ámbito de competencia desta secretaria.

Respecto a remisión feita no informe técnico para avaliación da documentación de propiedade, entendo que a mesma é totalmente válida xa que trátase dunha resolución xudicial pola que se adxudica o ben ó solicitante e a súa esposa como consecuencia dunha subasta, e así figura recollido no Rexistro da Propiedade de Tui segundo nota simple achegada de data 29-12-2015, polo que sendo o meu informe favorable, formulase ó órgano competente a seguinte PROPOSTA:

Concede-la licenza municipal de obras a favor de D. Oscar Manuel Rodríguez Rodríguez para a construción de vivenda unifamiliar, peche de parcela e demolición parcial de vivenda existente na rúa A Sangriña (finca registral nº. 18.711), impondo os condicionantes establecidos nos informes técnicos e xurídico, así como os xerais establecidos na lexislación urbanística respecto os prazos de execución das obras, con expresión dos recursos procedentes a entablar contra dito acto administrativo.”

Con base en ditos antecedentes, a Xunta de Goberno Local **RESOLVE:**

CONCEDER, salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo do de terceiros, a **D. OSCAR MANUEL RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ**, licenza para “OBRAS DE DEMOLICIÓN PARCIAL DE EDIFICACIÓN EXISTENTE”, CONSTRUCCIÓN DE “VIVENDA UNIFAMILIAR” E “PECHE DE PARCELA” sita na rúa de 2º Transversal Bechos nº. 15, de acordo co proxecto técnico presentado obrante no expediente de referencia, que deberá axustarse as condicións sinaladas no informe técnico e xurídico.

O prazo para iniciar as obras non poderá exceder de seis meses e o de terminación de tres anos, dende o día seguinte a data de notificación da licenza, non podendo interromperse as obras por tempo superior a seis meses.

Se poderá conceder prórroga dos referidos prazos da licenza por unha soa vez e por un novo prazo non superior ó inicialmente acordado, logo da solicitude expresa formulada antes da conclusión dos prazos determinados e sempre que a licenza sexa conforme coa ordenación urbanística vixente no momento de concesión da prórroga (art. 197.1 da LOUGA).

Será declarada a caducidade das licenzas, logo do procedemento instruído con audiencia do interesado, polo transcurso dos seguintes prazos (art. 197.1 da LOUGA):

- Cando non se tivesen iniciado as obras amparadas por esta licenza no prazo de seis (6) meses dende o día seguinte ao da notificación do seu outorgamento.
- Cando non se cumprise o prazo de terminación das obras de tres (3) anos dende o seu inicio.
- Cando a obra fose interrompida durante un periodo superior a seis (6) meses.
- Estes prazos poderán prorrogarse segundo o establecido no art. 197 da LOUGA.



**CONCELLO
A GUARDA**

(PONTEVEDRA)

TERCEIRO.- ADVERTENCIAS:

As obras teranse que realizar de conformidade co disposto nos artigos 2.5.12 (condicións das obras en relación coas vías públicas) e 2.5.14 (valado das obras) recollidos no vixente Plan Xeral de Ordenación Urbana.

Deberá de adoptar de xeito inmediato as medidas necesarias para garantir a seguridade das persoas, dos predios colindantes e da vía pública.

É requisito e indispensable en todas as obras dispor, ó pé de obra, de copia autorizada da licenza municipal e, nas maiores, a colocación do cartel indicador de 1,20 x 0,85 mts. no que se faga constar o nome e os apelidos dos técnicos directores e do contratista, ordenanza que se aplica, usos os que se vai a destina-la construción, o número de plantas autorizadas, o prazo de execución das obras, a data de outorgamento e número da licenza.

As obras autorizadas realizaranse por empresa de construción que posúa o correspondente documento de cualificación empresarial.

EXPEDIENTE NÚMERO: 5.354/2016.

Examinado o proxecto técnico presentado con data 22-08-2016 (R.E. nº. 5.354), por **D^a. CLAUDIA PEREIRA TRONCOSO** con D.N.I. nº. 36.160.400-F e con domicilio na rúa de Irlanda-Residencial Pechiguera nº. 130 de Yaiza-Playa Blanca-C.P. 35580 (Las Palmas), para "REFORMA DE VIVENDA UNIFAMILIAR ADOSADA" desenvolvida en (planta baixa, planta primeira e planta de baixo cuberta) sita na rúa de A Cal nº. 147, suscrito polo arquitecto D. Agustín Canales Barrutia.

PRIMEIRO.- Visto o informe técnico de data 14-09-2016, considérase **favorable**.

SEGUNDO.- Conta co informe xurídico suscrito pola secretaria D^a. Julia M^a. Carrasco Gnzález-Alegre, quen indica que *"non se observa na solicitude obxecto do presente informe ningún inconveniente para a súa concesión dende o punto de vista xurídico-procedimental, polo cal informase **favorablemente** a súa concesión e, en consecuencia, formulase ó órgano competente a seguinte proposta:*

Concede-la licenza municipal de obras a favor de D^a. CLAUDIA PEREIRA TRONCOSO para reforma de vivenda unifamiliar existente, sita na rúa de A Cal nº. 147, impondo os condicionantes establecidos nos informes técnicos e xurídico, así como os xerais establecidos na lexislación urbanística respecto os prazos de execución das obras, con expresión dos recursos procedentes a entablar contra dito acto administrativo."

Con base en ditos antecedentes, a Xunta de Goberno Local **RESOLVE:**

CONCEDER, salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo do de terceiros, a **D^a. CLAUDIA PEREIRA TRONCOSO**, licenza para REFORMA DE VIVENDA UNIFAMILIAR ADOSADA" desenvolvida en (planta baixa, planta primeira e planta de baixo cuberta) sita na rúa de A Cal nº. 147, de acordo co proxecto técnico presentado obrante no expediente de referencia, que deberá axustarse as condicións sinaladas no informe técnico e xurídico.



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

O prazo para iniciar as obras non poderá exceder de seis meses e o de terminación de tres anos, dende o día seguinte a data de notificación da licenza, non podendo interromperse as obras por tempo superior a seis meses.

Se poderá conceder prórroga dos referidos prazos da licenza por unha soa vez e por un novo prazo non superior ó inicialmente acordado, logo da solicitude expresa formulada antes da conclusión dos prazos determinados e sempre que a licenza sexa conforme coa ordenación urbanística vixente no momento de concesión da prórroga (art. 197.1 da LOUGA).

Será declarada a caducidade das licenzas, logo do procedemento instruído con audiencia do interesado, polo transcurso dos seguintes prazos (art. 197.1 da LOUGA):

- Cando non se tivesen iniciado as obras amparadas por esta licenza no prazo de seis (6) meses dende o día seguinte ao da notificación do seu outorgamento.
- Cando non se cumprise o prazo de terminación das obras de tres (3) anos dende o seu inicio.
- Cando a obra fose interrompida durante un período superior a seis (6) meses.
- Estes prazos poderán prorrogarse segundo o establecido no art. 197 da LOUGA.

TERCEIRO.- ADVERTENCIAS:

As obras teranse que realizar de conformidade co disposto nos artigos 2.5.12 (condicións das obras en relación coas vías públicas) e 2.5.14 (valado das obras) recollidos no vixente Plan Xeral de Ordenación Urbana.

Deberá de adoptar de xeito inmediato as medidas necesarias para garantir a seguridade das persoas, dos predios colindantes e da vía pública.

É requisito e indispensable en todas as obras dispor, ó pé de obra, de copia autorizada da licenza municipal e, nas maiores, a colocación do cartel indicador de 1,20 x 0,85 mts. no que se faga constar o nome e os apelidos dos técnicos directores e do contratista, ordenanza que se aplica, usos os que se vai a destina-la construción, o número de plantas autorizadas, o prazo de execución das obras, a data de outorgamento e número da licenza.

As obras autorizadas realizaranse por empresa de construción que posúa o correspondente documento de cualificación empresarial.

EXPEDIENTE NÚMERO: 1.191/2016.

Examinado o proxecto técnico presentado con data 23-02-2016 (R.E. nº. 1.191), por **SOLANAS 4, C.B.** con C.I.F. nº. E-32.408.528 representado por **D. IGNACIO MARTÍNEZ RODRÍGUEZ (arquitecto)** con D.N.I. nº. 34.887.367-R e con domicilio na rúa de Calvario nº. 1-2º de A Guarda-C.P. 36780, para "REFORMADO DE PROXECTO BÁSICO E EXECUCIÓN DE REFORMA E AMPLIACIÓN DE EDIFICIO PARA 6 VIVENDAS" desenvolvido en (planta soto, planta baixa, planta primeira, planta segunda e planta de baixo cuberta) sito na rúa de Transveral Solanas, s/n., subscrito polo arquitecto D. Ignacio Martínez Rodríguez.

PRIMEIRO.- Visto o informe técnico de data 14-09-2016, considérase **favorable**, segundo o sólido definido na documentación presentada con data de visado do 22-02-2016 e 08-09-2016.



**C O N C E L L O
A G U A R D A**

(PONTEVEDRA)

SEGUNDO.- Conta co informe xurídico subscrito pola secretaria D^a. Julia M^a. Carrasco González-Alegre, quen indica que *“en canto as cuestións técnicas contidas no Proxecto, dicir que no procedemento instado para o outorgamento desta licenza os servizos técnicos informaron preceptivamente, remitíndome o especificado no mesmo no que concerne a estes aspectos, e sen que a emisión do presente informe implique conformidade ou disconformidade cos aspectos técnicos, por non ser ámbito de competencias desta secretaria.*

Por todo o antedito, formulase ó órgano competente a seguinte PROPOSTA:

1º.- Requerir ó interesado a subsanación do defecto de representación.

2º.- Unha vez feita a subsanación e verificada a validez de representación, concede-la licenza municipal de obras a favor de Solanas 4, C.B. para reformado de proxecto básico e de execución para ampliación e reforma de edificio composto de soto, planta baixa, dúas plantas e baixo cuberta para 6 vivendas, sito na rúa de Transversal Solanas, s/n., impoñendo os condicionantes establecidos nos informes técnicos e xurídico, así como os xerais establecidos na lexislación urbanística respecto os prazos de execución das obras, con expresión dos recursos procedentes a entablar contra dito acto administrativo.”

TERCEIRO.- Con data 28-09-2016 (R.E. nº. 6.185). D. José Otero Garrido en representación de Solanas 4, C.B., autoriza a D. Ignacio Martínez Rodríguez (arquitecto) os efectos de presentación de documentación para a obtención de licenza urbanística municipal do “modificado do proxecto básico e execución de reforma e ampliación de edificio para 6 vivendas”.

Con base en ditos antecedentes, a Xunta de Goberno Local **RESOLVE:**

CONCEDER, salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo do de terceiros, a **SOLANAS 4, C.B.**, licenza para “REFORMADO DE PROXECTO BÁSICO E EXECUCIÓN DE REFORMA E AMPLIACIÓN DE EDIFICIO PARA 6 VIVENDAS” desenvolvido en (planta soto, planta baixa, planta primeira, planta segunda e planta de baixo cuberta) sito na rúa de Transversal Solanas, s/n., de acordo co proxecto técnico presentado obrante no expediente de referencia, que deberá axustarse as condicións sinaladas no informe técnico e xurídico.

O prazo para iniciar as obras non poderá exceder de seis meses e o de terminación de tres anos, dende o día seguinte a data de notificación da licenza, non podendo interromperse as obras por tempo superior a seis meses.

Se poderá conceder prórroga dos referidos prazos da licenza por unha soa vez e por un novo prazo non superior ó inicialmente acordado, logo da solicitude expresa formulada antes da conclusión dos prazos determinados e sempre que a licenza sexa conforme coa ordenación urbanística vixente no momento de concesión da prórroga (art. 197.1 da LOUGA).

Será declarada a caducidade das licenzas, logo do procedemento instruído con audiencia do interesado, polo transcurso dos seguintes prazos (art. 197.1 da LOUGA):

- Cando non se tivesen iniciado as obras amparadas por esta licenza no prazo de seis (6) meses dende o día seguinte ao da notificación do seu outorgamento.
- Cando non se cumprise o prazo de terminación das obras de tres (3) anos dende o seu inicio.
- Cando a obra fose interrompida durante un período superior a seis (6) meses.
- Estes prazos poderán prorrogarse segundo o establecido no art. 197 da LOUGA.

CUARTO.- ADVERTENCIAS:



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

As obras teranse que realizar de conformidade co disposto nos artigos 2.5.12 (condicións das obras en relación coas vías públicas) e 2.5.14 (valado das obras) recollidos no vixente Plan Xeral de Ordenación Urbana.

Deberá de adoptar de xeito inmediato as medidas necesarias para garantir a seguridade das persoas, dos predios colindantes e da vía pública.

É requisito e indispensable en todas as obras dispor, ó pé de obra, de copia autorizada da licenza municipal e, nas maiores, a colocación do cartel indicador de 1,20 x 0,85 mts. no que se faga constar o nome e os apelidos dos técnicos directores e do contratista, ordenanza que se aplica, usos os que se vai a destina-la construción, o número de plantas autorizadas, o prazo de execución das obras, a data de outorgamento e número da licenza.

As obras autorizadas realizaranse por empresa de construción que posúa o correspondente documento de cualificación empresarial.

3.2.- COMUNICACIÓN PREVIA DE OBRAS MAIORES

A Xunta de Goberno Local da conta das seguintes comunicacións previas de obras maiores:

EXPEDIENTE: 1.789/2016.- A XEFATURA TERRITORIAL DA CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA DE DATA 21 DE MARZO DE 2016 (R.E. Nº. 1.789), PARA "CAMBIO DE CUBERTA DA PISTA POLIDEPORTIVA DO C.E.I.P. AS SOLANAS-NICOLÁS GUTIERREZ CAMPO", SITUADO NA RÚA DE ROSAL, S/N., EN SOLO URBANO (ORDENANZA DE EQUIPAMENTOS DOCENTE-DEPORTIVO).

Sendo as dez horas e vinte e cinco minutos do día da data, o Sr. presidente da por rematada a sesión, do que eu como secretaria dou fe.